

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

- 9340** *Real decreto 738/2020, do 4 de agosto, polo que se modifican o Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, e o Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

I

O 23 de decembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de la Unión Europea* a Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa ás actividades e supervisión dos fondos de pensións de emprego. Esta Directiva (UE) 2016/2341, do 14 de decembro de 2016, constitúe unha versión refundida da orixinaria Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, a cal derroga, agregando diversas novidades. Entre elas destacan as relativas ao procedemento para iniciar unha actividade transfronteiriza dos fondos de pensións de emprego e transferencias transfronteirizas de plans de pensións de emprego entre os ditos fondos, sistema de goberno, externalización de actividades, información aos partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios e supervisión prudencial.

O prazo para a transposición das disposicións da Directiva (UE) 2016/2341 á lexislación interna finalizou o 13 de xaneiro de 2019, o que deu lugar a que a Comisión Europea abrise o procedemento de infracción nº 2019/0115 contra o Reino de España.

O 14 de outubro de 2019 recibíuse ditame motivado da Comisión Europea, en virtude do artigo 258 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, pola non comunicación das medidas de transposición ao ordenamento xurídico interno da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, e habilitouse un prazo adicional de dous meses a partir da recepción do dito ditame para adoptar as medidas necesarias para completar a transposición da directiva e comunicalas posteriormente á Comisión Europea.

Por outra parte, a Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas, introduce determinadas obrigacións que afectan os fondos de pensións de emprego na súa condición de investidores institucionais.

O Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, modifica no título II do seu libro segundo o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, incorporando parcialmente ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2016/2341 e establecendo mandatos para o posterior desenvolvemento regulamentario.

Mediante este real decreto desenvólense determinadas materias para completar a transposición das anteriores directivas 2016/2341, do 14 de decembro de 2016, e 2017/828, do 17 de maio de 2017, no que afectan a normativa nacional reguladora dos fondos de pensións.

Adicionalmente, trasponse ao ordenamento xurídico español o artigo 2, punto 1, da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de

2019, pola que se modifica a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II); a Directiva 2014/65/UE, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e a Directiva (UE) 2015/849, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, cuxo prazo de transposición vence o 30 de xuño de 2020.

Este real decreto consta de tres artigos, unha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras. O artigo primeiro modifica o Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións. O artigo segundo modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro. O artigo terceiro modifica o Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, para traspoñer a modificación da mencionada porcentaxe mediante a Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019.

II

O artigo primeiro modifica a disposición derradeira primeira do Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, que sinala os títulos competenciais conforme os cales se ditan as disposicións contidas no Regulamento de plans e fondos de pensións. Desde a súa aprobación inicial, o Regulamento foi obxecto de modificacións que foron incorporando novas disposicións en desenvolvemento, especialmente, doutras introducidas por distintas leis no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. A disposición derradeira cuarta deste foi modificada polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, e actualizou o seu contido.

Este real decreto modifica a disposición derradeira primeira do Real decreto 304/2004 co fin de actualizala e axustala á disposición derradeira cuarta do texto legal, tendo en conta determinadas modificacións do regulamento que afectan os títulos competenciais sinalados. Entre outras, poden citarse as seguintes que constitúen lexislación mercantil consonte o artigo 149.1.6.^a da Constitución española: as disposicións adicionais quinta e sexta do regulamento, incorporadas polo Real decreto 681/2014, do 1 de agosto, que desenvolven a disposición adicional sexta do texto refundido da lei, a cal regula as mobilizacións entre plans de pensións, plans de previsión asegurados e plans de previsión social empresarial, introducida pola disposición derradeira décimo terceira da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable; a disposición adicional oitava do regulamento, relativa á disposición anticipada e inembargabilidade dos dereitos económicos nos sistemas de previsión social complementaria análogos aos plans de pensións, redactada polo Real decreto 62/2018, do 9 de febreiro, en desenvolvemento da disposición adicional oitava do texto refundido da lei introducida pola disposición derradeira cuarta da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras; e a transitoria sétima do regulamento, relativa á disposición anticipada e mobilizacións de dereitos consolidados correspondentes a achegas realizadas a plans de pensións e sistemas de previsión social complementarios análogos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, redactada polo Real decreto 62/2018, do 9 de febreiro, en concordancia coa transitoria sétima do texto refundido da lei na súa redacción dada pola disposición derradeira primeira da Lei 26/2014, do 27 de novembro.

III

En canto á transposición da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, o artigo segundo deste real decreto introduce no Regulamento de plans e fondos de pensións disposicións en materia de información aos potenciais partícipes, partícipes e beneficiarios, requisitos de aptitude e honorabilidade daqueles que exercen a dirección efectiva e as funcións clave no sistema de goberno dos fondos de pensións, avaliación interna de riscos e externalización de actividades.

En materia de información aos partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego, a Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e

do Consello, do 14 de decembro de 2016, contén unha regulación máis detallada que a Directiva 2003/41/CE que substitúe, con ánimo de garantir un elevado nivel de transparencia ao longo das distintas fases dun plan de pensións e, en particular, en canto aos dereitos de pensión devindicados, ao nivel previsto das prestacións de xubilación, aos riscos e garantías e aos custos.

O artigo 10 bis do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, introducido polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, establece os principios xerais a que se debe axustar a información e dispón que se determinarán regulamentariamente os termos, o contido e os medios de subministración da información, tanto con ocasión da incorporación ao plan de pensións como con carácter periódico e en caso de mobilización de dereitos a outro plan e de mobilización do plan a outro fondo de pensións, así como o acceso ás especificacións do plan, ás normas de funcionamento, política de investimento e contas anuais do fondo de pensións e calquera información complementaria que deba facilitarse con carácter xeral ou por solicitude do partícipe ou beneficiario. Ata a data, o Regulamento de plans e fondos de pensións viña regulando con detalle as obrigacións e os dereitos de información de partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego, individuais e asociados. Non obstante, para completar a transposición cómpre abordar algúns aspectos novos da directiva relativos aos plans de pensións de emprego.

O artigo 37 da Directiva (UE) 2016/2341 incide na información aos partícipes potenciais e na información xeral sobre o plan de pensións. Presta especial atención ao perfil de investimento e aos riscos financeiros asumidos polos partícipes e beneficiarios, aos custos, á rendibilidade histórica dos investimentos, aos cambios das especificacións do plan ou á posibilidade de transferir os dereitos consolidados, entre outros aspectos. Para a súa transposición, este real decreto incorpora no Regulamento de plans e fondos de pensións a regulación do denominado «documento de información xeral sobre o plan de pensións» para os plans de pensións de emprego. Este documento é similar ao documento de datos fundamentais para o partícipe dos plans de pensións do sistema individual. Deberá estar actualizado e ao dispor dos partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios. Pola súa vez, modifícase o contido dos boletíns de adhesión dos plans de emprego, tendo en conta que o uso destes é optativo e que se pode realizar a incorporación automática ao plan por acordo colectivo.

Por outra parte, a Directiva (UE) 2016/2341, nos seus artigos 38 e 39, introduce a denominada declaración das prestacións de pensión, a cal se debe subministrar aos partícipes dos plans de pensións de emprego ao menos con carácter anual, e debe incluír, entre outros datos, información sobre as previsións de prestacións de pensión baseadas na idade de xubilación e unha limitación de responsabilidade, no sentido de que estas previsións poden diferir do valor final das prestacións recibidas. A directiva establece que se as previsións de prestacións de pensión se basean en estimacións económicas, a información deberá incluír o mellor dos casos estimados, así como unha estimación desfavorable, tendo en conta a natureza específica do plan de pensións. A referida declaración das prestacións de pensión inclúese na información anual que se lles debe facilitar aos partícipes dos plans de pensións de emprego. Esta incluírá, entre outros pormenores, a información sobre as previsións de prestacións de pensión baseadas na idade de xubilación, cuxo cálculo se axustará ás normas que estableza a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións mediante circular. Tamén se engade, como información adicional que se facilitará por petición do partícipe, a relativa ás hipóteses utilizadas para o cálculo das previsións de prestacións e ás opcións de cobramento destas, como prevé a directiva.

En canto aos medios de acceso ou subministración da información, a Directiva (UE) 2016/2341 dispón que a información se lles facilitará aos partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios de forma gratuíta por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou unha páxina web, ou en papel. Este real decreto modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións dando prioridade á subministración a través de medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou unha páxina web, como criterio xeral, mantendo a entrega en papel se así se solicita expresamente, co fin de reducir as cargas administrativas

e facilitar un acceso á información actualizada máis inmediato. O mesmo criterio establécese para a información que se lles subministrará aos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais e asociados. Igualmente, modifícase a regulación do contido do boletín de adhesión dos plans de pensións.

Noutra orde de cousas, tívose en conta o Real decreto lei 11/2018, do 31 de agosto, de transposición de directivas en materia de protección dos compromisos por pensións cos traballadores, prevención do branqueo de capitais e requisitos de entrada e residencia de nacionais de países terceiros, e polo que se modifica a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxo artigo primeiro modifica a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, incorporando a obriga de informar os partícipes dos plans de pensións de emprego sobre as condicións que rexen o tratamento dos dereitos consolidados que se manteñan no plan despois de cesar a relación laboral, polo que este real decreto tamén a traslada, por razóns de sistemática, ao Regulamento de plans e fondos de pensións.

IV

Por outra parte, a Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, inclúe a regulación do sistema de goberno dos fondos de pensións de emprego para potenciar a adecuada xestión dos riscos e desta maneira fortalecer a protección dos partícipes e beneficiarios.

O capítulo VIII do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, na súa redacción dada polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, contén a regulación xeral do sistema de goberno e abrangue, entre outros aspectos, os seus requisitos xerais, as funcións clave (función de xestión de riscos, función de auditoría interna e función actuarial), a externalización de actividades, incluídas as funcións clave, os requisitos de aptitude e honorabilidade de quen exerza a dirección efectiva das entidades xestoras dos fondos de pensións, dos titulares das funcións clave e, de ser o caso, das persoas ou entidades ás cales se externalizase algunha das funcións clave. Aínda que o ámbito de aplicación da directiva se circunscribe aos fondos de pensións de emprego, dado que as entidades xestoras son autorizadas para xestionar fondos de pensións de emprego e persoais, na lei optouse por que a regulación do sistema de goberno no seu conxunto abrangue tamén a xestión dos fondos de pensións persoais, que desenvolven plans de pensións do sistema individual e asociado, salvo algúns aspectos que se limitan aos plans e fondos de pensións de emprego.

Por outra parte, como mellora da sistemática, reordénanse os actuais artigos do Regulamento de plans e fondos de pensións relativos ao control interno das entidades xestoras e ao control da política de investimentos dos fondos de pensións.

En relación cos documentos relativos ao sistema de goberno, o artigo 28 da Directiva (UE) 2016/2341 introduce a obriga de realizar unha avaliación interna de riscos periódica nos fondos de pensións de emprego, a cal se regula no artigo 30 quinquies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, introducido polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, que se deberá efectuar de maneira regular ao menos cada tres anos e, en todo caso, inmediatamente despois de que se produzan cambios significativos do perfil de risco do fondo de pensións ou dos plans de pensións integrados nel. Este artigo 30 quinquies dispón que regulamentariamente se determinará o contido que a avaliación interna de riscos debe incluír. En concordancia co artigo 30 quinquies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, introducido polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, engádese un novo artigo 81 quáter no Regulamento de plans e fondos de pensións, que establece o contido da avaliación interna de riscos periódica nos fondos de pensións de emprego. Inclúe, entre outras cuestións, a avaliación da eficacia do sistema de xestión de riscos e dos riscos operacionais, e complementábase coa ampliación do contido da revisión financeira actuarial periódica dos plans de pensións de emprego por parte de expertos independentes regulada no artigo 23.

Así mesmo, modifícanse as disposicións do Regulamento de plans e fondos de pensións relativas á contratación da xestión de investimentos dos fondos de pensións con terceiras entidades autorizadas conforme diversas directivas, co fin de actualizar as referencias a estas.

Modifícase tamén o artigo 81.3 do Regulamento de plans e fondos de pensións, que regula a delegación de funcións das entidades xestoras de fondos de pensións para a súa adecuación ao artigo 30 sexies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, introducido polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, relativo á externalización de actividades.

Por outra parte, o artigo 30 quáter do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, introducido tamén polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, regula a función actuarial relativa aos plans de pensións de emprego, establecida pola directiva, así como os servizos actuariais. Mediante este real decreto actualízase a disposición adicional terceira do Regulamento de plans e fondos de pensións para incluír a dita función actuarial nos servizos actuariais para o desenvolvemento ordinario do plan de acordo coa lei.

V

A Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, introduce na Directiva 2007/36/CE un novo capítulo I ter no cal se establecen determinadas obrigacións aplicables aos fondos de pensións de emprego na súa condición de investidores institucionais.

Nos seus considerandos, a Directiva (UE) 2017/828 sinala que os investidores institucionais e os xestores de activos son, con frecuencia, importantes accionistas das sociedades cotizadas na Unión Europea e desempeñan un papel destacado no goberno corporativo desas sociedades e tamén, de forma máis xeral, no que se refire á súa estratexia e rendemento a longo prazo. Tamén sinala a Directiva (UE) 2017/828 que a experiencia dos últimos anos puxo de manifesto que os investidores institucionais e os xestores de activos non adoitan implicarse nas sociedades nas cales teñen accións, e demostrouse que, acotío, os mercados de capitais exercen presión sobre as sociedades para que obteñan resultados a curto prazo, o que pode pór en risco o rendemento financeiro e non financeiro destas e conducir, entre outras consecuencias negativas, a un nivel de investimento que diste de ser óptimo, en aspectos tales como a investigación e o desenvolvemento, en detrimento do rendemento a longo prazo, tanto das sociedades como dos investidores.

Considera tamén a Directiva (UE) 2017/828 que «con frecuencia, os investidores institucionais e os xestores de activos non son transparentes nin sobre as súas estratexias de investimento e políticas de implicación nin sobre a aplicación destas. A revelación pública desta información podería ter un efecto positivo na concienciación dos investidores, permitir aos beneficiarios finais, por exemplo futuros pensionistas, optimizaren as súas decisións de investimento, facilitar o diálogo entre as sociedades e os seus accionistas, fomentar a implicación destes e mellorar a súa rendición de contas aos interesados e á sociedade civil». De conformidade co establecido nos artigos 3 octies e 3 nonies do capítulo I ter desta directiva, os Estados membros deben garantir que os investidores institucionais desenvolvan e poñan en coñecemento do público unha política de implicación de accionistas e que revelen publicamente a maneira en que os elementos principais da súa estratexia de investimento son coherentes co perfil e a duración dos seus pasivos, en particular os seus pasivos a longo prazo, e a forma en que contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos seus activos.

Tendo en conta o establecido nos puntos 1 e 6 do artigo 1 da Directiva 2007/36/CE, en redacción dada pola Directiva (UE) 2017/828, do 17 de maio, o ámbito obxectivo circunscríbese ao investimento en accións de sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea.

Na lexislación española, o artigo 69 do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, xa viña establecendo a obrigación

de que no informe de xestión anual do fondo de pensións se deixe constancia da política da comisión de control do fondo ou, de ser o caso, da entidade xestora, con relación ao exercicio dos dereitos políticos inherentes aos valores integrados no fondo, así como o deber de que os fondos de pensións contén cunha declaración dos principios da política de investimento, a cal debe facer referencia, entre outros elementos, á colocación estratéxica dos activos do fondo con respecto á natureza e duración dos seus compromisos.

O punto 9 do artigo 16 do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, en redacción dada polo Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, establece que a comisión de control do fondo de pensións, coa participación da entidade xestora, elaborará por escrito unha declaración de estratexia de investimento a longo prazo, á cal se dará suficiente publicidade. O dito punto 9 dispón tamén que regulamentariamente se determinará o contido mínimo e se incluírá información relativa a como os elementos principais da estratexia de investimento en sociedades cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea son coherentes co perfil e a duración dos pasivos, en particular os pasivos a longo prazo, e á maneira en que contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos activos.

Para completar a transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, no ámbito da ordenación dos fondos de pensións, o artigo segundo deste real decreto modifica o Regulamento de plans e fondos de pensións introducindo o desenvolvemento das obrigacións especificamente aplicables aos fondos de pensións de emprego que derivan da dita directiva, relacionadas coa política de implicación e coa estratexia de investimento e acordos cos xestores de activos. Para iso, este real decreto modifica os artigos 69, 89 e 90 do Regulamento de plans e fondos de pensións e engade un novo artigo 69 bis. Para os supostos en que se contrate a xestión de activos do fondo cun xestor de activos, admítase a posibilidade, recollida na referida Directiva (UE) 2017/828, de encomendar ao xestor o exercicio de dereitos inherentes aos títulos, que na norma regulamentaria estaba reservado á comisión de control ou á xestora por delegación. Con iso ampliáanse as posibilidades de exercer tales dereitos e desenvolver as políticas de implicación.

As disposicións deste real decreto establécense sen prexuízo doutras medidas normativas que se adopten para a transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, no que esta afecte a regulación xeral das sociedades de capital e a específica doutros tipos de entidades financeiras.

VI

A recente Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II); a Directiva 2014/65 UE, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e a Directiva (UE) 2015/849, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo, modifica o limiar para a aplicación do axuste por volatilidade sobre o tipo de xuro que deben empregar as entidades aseguradoras e reaseguradoras no cálculo das súas provisións técnicas.

A modificación da normativa europea cambia o importe necesario para activar o uso do axuste por volatilidade sobre a estrutura temporal de tipos de xuro sen risco que se utilizarán para o cálculo das provisións técnicas, reducindo o limiar previsto de 100 puntos básicos a 85 puntos básicos. Por iso, débese modificar a porcentaxe que figura no artigo 57.4 do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, substituindo os 100 puntos básicos polos 85 que establece a nova Directiva (UE) 2019/2177 que se traspón, sen que caiban outras alternativas regulatorias.

VII

En canto ás disposicións da parte final, a disposición transitoria deste real decreto fixa un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para levar a cabo as adaptacións ao previsto nel en materia de información aos partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios dos plans de pensións e boletíns de adhesión para as novas incorporacións aos plans de pensións.

En canto á primeira declaración anual das prestacións de pensión, a disposición transitoria dispón que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá o prazo para elaborarlala e facilitala a partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego mediante a mesma circular pola cal se regularán as normas para o cálculo da información sobre previsións de prestacións de pensión.

Así mesmo, dado que a disposición adicional décimo quinta do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, establece que regulamentariamente se determinará o prazo para que as entidades xestoras realicen a primeira avaliación interna de riscos periódica dos fondos de pensións de emprego prevista no artigo 30 quinquies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, a disposición transitoria deste real decreto dispón que se deberá elaborar e aprobar en seis meses desde a entrada en vigor.

Por outra parte, a disposición transitoria deste real decreto dispón que as entidades xestoras de fondos de pensións que no momento da entrada en vigor deste real decreto teñan externalizadas actividades distintas das funcións clave deberán comunicalas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na información estatístico-contable anual correspondente ao exercicio 2019.

En canto á adaptación ás novas obrigacións en materia de implicación de accionistas e estratexia de investimento que afectan fondos de pensións de emprego, a disposición transitoria fixa un prazo de seis meses desde a entrada en vigor e, respecto da nova información anual relativa ao exercicio do voto nas xuntas xerais, dispón que a primeira publicación será a referida ao exercicio 2020.

A disposición derradeira primeira sinala que mediante este real decreto se completa a transposición ao dereito español da Directiva 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, e se efectúa a transposición parcial da Directiva 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, e da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019.

Por último, a disposición derradeira segunda fixa a entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

VIII

O real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anteriores ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia, ao completar a transposición da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, continuar a transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, no referente a fondos de pensións, e iniciar a transposición parcial da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019. O real decreto é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados e, igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica. En canto ao principio de transparencia, o proxecto normativo, no referente á transposición da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, foi sometido ao trámite de consulta pública establecido no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e ao trámite de audiencia e información públicas contido no seu artigo 26.6, ao afectar os dereitos e intereses lexítimos das persoas. A necesidade dunha iniciativa regulatoria para a transposición da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, tamén se someteu ao trámite de consulta pública previa.

Este real decreto dítase en virtude dos mandatos e habilitacións para o desenvolvemento regulamentario contidos nos artigos 10 bis, 16.9, 28.4, 30 quinquies e 30 sexies e disposición derradeira terceira do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, así como na disposición adicional décimo quinta do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro.

O contido deste real decreto someteuse á consideración da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, á audiencia das comunidades autónomas e recibiu informes emitidos pola Axencia Española de Protección de Datos e polo Consello de Consumidores e Usuarios. Por último, con respecto ao principio de eficiencia, ben que supón un aumento das cargas administrativas, estas son imprescindibles e en ningún caso innecesarias.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2020,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións.*

Modifícase a disposición derradeira primeira do Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, que queda como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

As disposicións contidas no Regulamento de plans e fondos de pensións que se insire a continuación teñen a consideración de ordenación básica da banca e dos seguros, e da planificación xeral da actividade económica, consonte o artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, salvo as materias a que se refiren os parágrafos seguintes, que se consideran competencia exclusiva do Estado:

a) Consonte o artigo 149.1.6.^a da Constitución, considéranse lexislación mercantil as materias reguladas:

1.º Nos títulos I e II, salvo os artigos: 19, 20, 21, 23, 27 a 32, ambos inclusive, 34, 40, 41, 47, 48, 48 bis, 49, 53 e 54.

2.º Na disposición adicional primeira, nos puntos 5, 6 e 8 da disposición adicional terceira, nas disposicións adicionais quinta, sexta e oitava e nas disposicións transitorias primeira, segunda e sexta, así como no punto 1 da disposición transitoria sétima.

b) Consonte o artigo 149.1.14.^a da Constitución, considéranse lexislación da facenda xeral as materias reguladas na disposición adicional cuarta e na disposición derradeira primeira.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. A alínea h) do artigo 18 queda redactada como segue:

«h) Normas relativas ás altas e baixas dos partícipes e, en particular, mobilidade dos dereitos consolidados. Así mesmo, deberán prever o procedemento

de transferencia dos dereitos consolidados correspondentes ao partícipe e, de ser o caso, dos dereitos económicos correspondentes ao beneficiario que, por cambio de colectivo laboral ou doutra índole, altere a súa adscrición a un plan de pensións, de acordo co previsto neste regulamento. As especificacións dos plans de pensións de emprego e, de ser o caso, a súa base técnica deberán indicar as condicións que rexen o tratamento dos dereitos consolidados que se manteñan no plan despois do cesamento da relación laboral e as posibilidades de mobilización.»

Dous. Modifícase o punto 6 do artigo 22, que queda como segue:

«6. Con periodicidade anual, de acordo co disposto neste regulamento sobre obrigacións de información, a entidade xestora do fondo de pensións en que o plan se encuentre integrado facilitará a cada partícipe certificación sobre as achegas, directas ou imputadas, realizadas en cada ano natural e o valor, ao final do ano natural, dos seus dereitos consolidados.»

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«3. Con carácter xeral, a revisión dos plans de pensións terá o seguinte contido mínimo:

3.1 Aspectos actuariais:

- a) Descrición dos aspectos fundamentais do plan.
- b) Datos do colectivo valorado.
- c) Metodoloxía actuarial.
- d) Hipóteses utilizadas.
- e) Análise das achegas, prestacións e dereitos consolidados e económicos.
- f) Resultados e análises das valoracións actuariais.
- g) Análises da conta de posición do plan.
- h) Análises da solvencia do plan.
- i) Proxeccións efectuadas ata a próxima revisión actuarial.
- j) Avaliación das necesidades globais de financiamento do plan de pensións, incluída unha descrición do plan de financiamento cando sexa aplicable.
- k) Avaliación dos riscos para os partícipes e beneficiarios en relación co pagamento das súas prestacións de xubilación e a eficacia de calquera medida correctora, tendo en conta, cando proceda:

1. Os mecanismos de indexación.
2. Os mecanismos de redución das prestacións, en particular a medida en que poden reducirse os dereitos de pensión adquiridos, en que condicións e por parte de quen.

l) Avaliación cualitativa dos mecanismos de protección das pensións de xubilación, incluídos, cando proceda, as garantías, os compromisos e calquera outro tipo de apoio financeiro por parte da empresa promotora, de ser o caso, en favor do plan de pensións, dos partícipes e beneficiarios, e a cobertura a través dun plan de financiamento ou da contratación de seguros ou doutras garantías.

- m) Conclusións e recomendacións.

3.2 Aspectos financeiros:

- a) Criterios básicos da política de investimentos fixada pola comisión de control.
- b) Características dos activos que integran a carteira.
- c) Establecemento de índices de referencia que reflectan a política e a estratexia de investimento.
- d) Análises das posibles desviacións respecto dos índices de referencia.

e) Políticas de xestión e distribución de activos segundo criterios de rendibilidade e risco. Adecuación destas políticas aos obxectivos e características de cada plan.

f) Análises de sensibilidade dos investimentos.

g) Análises da duración das carteiras e da congruencia de prazos respecto das obrigacións de cada plan.

h) Cando nas decisións de investimento se teñan en conta factores ambientais, sociais e de goberno, unha avaliación cualitativa dos riscos novos ou emerxentes, incluídos os riscos relacionados co cambio climático, a utilización dos recursos e o ambiente, os riscos sociais e os riscos relacionados coa depreciación dos activos derivada do cambio regulamentario.

i) Proxeccións efectuadas ata a próxima revisión.

j) Conclusións e recomendacións.

3.3 Avaliación da metodoloxía e hipóteses utilizadas para determinar as previsións recollidas na declaración das prestacións de pensión.»

Catro. Modifícanse os puntos 1, 2, 4 e 5 e engádense tres novos puntos 7, 8 e 9 ao artigo 34, que quedan coa seguinte redacción:

«1. Nos plans de pensións de emprego, nos termos do artigo 10 bis do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, a entidade xestora ou, de ser o caso, o promotor ou a comisión de control do plan deberán facilitar aos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios información adecuada sobre o plan de pensións de conformidade co establecido neste artigo.

Deberase elaborar e pór á disposición dos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios un documento de información xeral sobre o plan de pensións co seguinte contido mínimo:

a) Definición do plan de pensións de emprego.

b) Denominación e modalidade do plan de pensións e número identificativo no rexistro especial.

c) Denominación do fondo de pensións e número identificativo no rexistro especial.

d) Denominación e domicilio social do promotor do plan e das entidades xestora e depositaria do fondo, así como o número identificativo das ditas entidades nos rexistros especiais correspondentes.

e) Réxime de achegas e continxencias cubertas, con especial referencia ás persoas sen posibilidade de acceso á xubilación. De ser o caso, indícarase a posibilidade de continuar realizando achegas tras o acaecemento das continxencias de xubilación, incapacidade e dependencia, e poderase solicitar o cobramento da prestación con posterioridade. Indícaranse os límites das achegas, con advertencia das sancións administrativas previstas no texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións por incumprimento dos citados límites.

f) Referencia, de ser o caso, aos supostos excepcionais de liquidez ou disposición anticipada.

g) Carácter non reembolsable dos dereitos consolidados mentres non se produzan as circunstancias que permiten o cobramento.

h) Réxime das prestacións, especificando as formas de cobramento, posibles beneficiarios e procedemento para a solicitude das prestacións por parte do beneficiario, con especial referencia á data de valoración dos dereitos consolidados, así como, en caso de cobramentos parciais, o criterio para seleccionar as achegas das cales derivan os dereitos consolidados ou económicos obxecto de cobramento, sen prexuízo do disposto no artigo 10 bis deste regulamento e, de ser o caso, grao de aseguramento ou garantía das prestacións con identificación da denominación e domicilio da entidade aseguradora ou garante.

i) Mobilidade dos dereitos consolidados, de ser o caso, e indicacións sobre o cálculo do dereito consolidado, condicións, procedementos e prazos para a mobilización de dereitos consolidados, con indicación da data de valoración dos dereitos para estes efectos, así como, en caso de mobilizacións parciais, o criterio para seleccionar as achegas das cales derivan os dereitos consolidados ou económicos obxecto de traspaso, sen prexuízo do disposto no artigo 10 bis. Incluirase indicación das condicións que rexen o tratamento dos dereitos consolidados que se manteñan no plan despois do cesamento da relación laboral.

j) Descrición da política de investimento con información sobre a forma en que os factores ambientais, climáticos, sociais e de goberno se teñen en conta na estratexia de investimento nos termos establecidos na declaración de principios da política de investimento.

k) Natureza dos riscos financeiros asumidos polos partícipes e beneficiarios.

l) Información sobre as rendibilidades históricas axustada ao disposto no último informe trimestral publicado.

m) Comisións e gastos.

n) Indicación do tipo de relación que vincula a entidade xestora co depositario, de ser o caso, tomando como referencia as circunstancias contidas no artigo 42 do Código de comercio.

ñ) Referencia aos procedementos adoptados para evitar os conflitos de interese e sobre as operacións vinculadas realizadas.

o) Lexislación aplicable e réxime fiscal.

p) Referencia aos medios de acceso á información e documentación relativa ao plan e ao fondo de pensións de acordo co establecido nesta normativa.

O documento de información xeral sobre o plan de pensións, así como as especificacións do plan, as normas de funcionamento do fondo, a declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións e o regulamento interno de conducta deberán estar actualizados e á disposición dos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios, de modo que poidan acceder a eses documentos de forma gratuíta por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou un sitio web e, se así o solicita expresamente o interesado, facilitaráselle en papel. Entenderase por soporte duradeiro todo instrumento que permita ao partícipe almacenar a información, de modo que poida recuperala facilmente durante un tempo adecuado para os fins a que a información estea destinada e que permita a reprodución sen cambios.

A posta á disposición dos referidos documentos deberá realizala a entidade xestora, ou ben poderá asumila o promotor do plan ou a súa comisión de control.

Para a incorporación dos potenciais partícipes ao plan de pensións facilitaráselles o acceso aos citados documentos na forma prevista no parágrafo anterior.

A utilización de boletíns de adhesión para incorporarse ao plan de pensións, a que se refire o artigo 101, será opcional nos termos previstos no punto 2 do dito artigo. No caso de non utilizarse boletíns individuais de adhesión, facilitaráselle ao partícipe un certificado de pertenza ao plan.

En todo caso, facilitaráselles aos partícipes a información a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.»

«2. Con periodicidade ao menos anual, a entidade xestora do fondo de pensións en que o plan se encontre integrado facilitará a cada partícipe dos plans de emprego unha certificación sobre as achegas, directas ou imputadas, realizadas en cada ano natural e o valor, ao final do ano natural, dos seus dereitos consolidados no plan, e distinguirase a parte correspondente a achegas realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007, se as houber.

No caso de que as especificacións do plan de pensións de emprego prevexan a posibilidade de disposición anticipada de dereitos consolidados correspondentes a

achegas realizadas con ao menos dez anos de antigüidade, regulada no artigo 9.4 e na disposición transitoria sétima deste regulamento, a certificación deberá indicar a contía do dereito consolidado ao final do ano natural susceptible de se facer efectivo por tal suposto de disposición anticipada.

As especificacións poderán prever prazos inferiores ao sinalado anteriormente para remitir a dita información.

A certificación a que se refire este punto deberá conter un resumo sobre a determinación das continxencias cubertas, o destino das achegas e as regras de incompatibilidade sobre aquelas, así como indicación das condicións que rexen o tratamento dos dereitos consolidados que se manteñan no plan despois do cesamento da relación laboral e as posibilidades de mobilización.

De ser o caso, a certificación indicará a contía dos excesos de achega do partícipe advertidos sobre os máximos establecidos e o deber de comunicar o medio para aboar a devolución.

Así mesmo, con periodicidade ao menos anual, a entidade xestora deberá subministrar un documento denominado “declaración das prestacións de pensión”, con información relevante, exacta e actualizada, para cada partícipe tendo en conta a lexislación aplicable, que incluírá, como mínimo, a seguinte información:

a) Os datos persoais do partícipe, incluída unha indicación clara da idade de xubilación.

b) O nome do fondo de pensións de emprego e o seu enderezo de contacto, así como a identificación do plan de pensións do partícipe.

c) Cando corresponda, a información relativa a garantías totais ou parciais previstas no plan de pensións e, se procede, onde se pode consultar información adicional ao respecto.

d) Información sobre as previsións de prestacións de pensión baseadas na idade de xubilación especificada na letra a), e unha limitación de responsabilidade no sentido de que estas previsións poden diferir do valor final das prestacións recibidas. Se as previsións de prestacións de pensión se basean en estimacións económicas, esta información tamén deberá incluír o mellor dos casos estimados, así como unha estimación desfavorable, tendo en conta a natureza específica do plan de pensións. Así mesmo, atendendo á natureza de cada plan de pensións, a información sobre as previsións de pensión formularase considerando a complementariedade respecto das pensións públicas.

e) Información sobre as contribucións empresariais e as achegas dos partícipes durante os doce meses anteriores á data a que se refire a información.

f) Información sobre os dereitos consolidados.

g) Unha desagregación dos custos deducidos polo fondo de pensións de emprego durante os últimos doce meses, como mínimo.

h) Información sobre o nivel de financiamento do plan de pensións no seu conxunto.

i) Data exacta a que se refire a información, que figurará de forma destacada.

Indicarase con claridade toda modificación significativa da información contida na declaración das prestacións de pensión con respecto ao ano anterior.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, establecerá as normas para determinar o cálculo para efectos da información da declaración das prestacións de pensión a que se refire a alínea d). Estas normas incluírán os criterios para determinar a idade ou idades de xubilación e a forma das prestacións utilizables e, de ser o caso, a taxa anual de rendemento nominal dos investimentos, a taxa de inflación anual e a tendencia dos salarios futuros.»

«4. Con periodicidade semestral, as entidades xestoras deberán facilitar aos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como aspectos que os poidan afectar, especialmente as modificacións normativas, cambios nas

especificacións do plan, das normas de funcionamento do fondo de pensións ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

A información semestral conterá un estado-resumo da evolución e situación dos activos do fondo, os custos e a rendibilidade obtida, e informará, de ser o caso, sobre a contratación da xestión con terceiras entidades.

A información que se subministrará en materia de rendibilidade referirase á obtida polo plan de pensións no último exercicio económico, á rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e á rendibilidade media anual dos tres, cinco, dez e quince últimos exercicios económicos.

Así mesmo, deberá pórse á disposición de partícipes e beneficiarios a totalidade dos gastos do fondo de pensións, na parte que sexan imputables ao plan, e os gastos propios do plan, expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.»

«5. Ademais das obrigacións establecidas nos puntos anteriores, as entidades xestoras deberán pór á disposición dos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego, ao menos con carácter trimestral, a información periódica prevista no punto anterior, así como as informacións previstas no punto 3.b) do artigo 85 ter, de ser o caso, e no punto 4 do artigo 85 quáter.»

«7. Ademais do previsto nos puntos anteriores, por petición do partícipe deberáselle facilitar a seguinte información adicional:

- a) Información detallada sobre as opcións de pagamento de prestacións dispoñibles á hora de percibir as súas prestacións de xubilación.
- b) Información adicional acerca das hipóteses utilizadas para xerar as previsións a que se refire o punto 2.d).»

«8. Con carácter xeral, a información periódica prevista nos puntos 2 a 6 anteriores facilitaráselles aos partícipes e beneficiarios de forma gratuíta por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou un sitio web. Cando o partícipe ou beneficiario o solicite expresamente, mediante escrito debidamente asinado ou por calquera outro medio de que quede constancia, a información entregaráselle en papel.

De ser o caso, o partícipe ou beneficiario deberá indicar un enderezo electrónico para a remisión da información periódica, desde o cal poderá, así mesmo, comunicar a súa renuncia á utilización da vía telemática a través do enderezo electrónico facilitado pola entidade xestora ou a través da súa web ou na do seu grupo, de conformidade coa Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.

A remisión ou posta á disposición da información a que se refiren os puntos 4 e 5 realizarase no mes seguinte á finalización do período de referencia.

Así mesmo, a entidade xestora do fondo de pensións deberá pór á disposición dos partícipes e beneficiarios as contas anuais e o informe de xestión do fondo de pensións de forma gratuíta por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou un sitio web, ou en papel no caso de telo solicitado expresamente conforme o previsto no primeiro parágrafo deste punto.

Todas as comunicacións electrónicas se rexerán polo disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

«9. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, poderá regular o contido detallado e o formato da información prevista neste artigo para os partícipes potenciais, os partícipes e os beneficiarios, así como establecer modelos normalizados co obxecto de permitir a comparación entre plans de pensións.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, poderá definir o método de cálculo da rendibilidade, así como determinar o grao de

desagregación das diferentes partidas de gastos correspondentes a cada plan na información a partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios.»

Cinco. No artigo 48 engádense dúas novas letras o) e p) no seu punto 1, modifícase o último parágrafo do punto 1, modifícanse os puntos 2, 3, e 5 a 9 e engádense un punto 10 no dito artigo, que quedan redactados como segue:

«ñ) Indicación do tipo de relación que vincula a entidade xestora co depositario, de ser o caso, tomando como referencia as circunstancias contidas no artigo 42 do Código de comercio.»

«o) Referencia aos procedementos adoptados para evitar os conflitos de interese e sobre as operacións vinculadas realizadas, de ser o caso.»

«A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, poderá regular o contido detallado e o formato do documento cos datos fundamentais para o partícipe, así como establecer modelos normalizados co obxecto de permitir a comparación entre plans de pensións.»

«2. Con carácter previo á contratación, o comercializador deberá subministrar información sobre os plans de pensións e sobre a adecuación destes ás características e necesidades dos partícipes.

Para tal fin, o comercializador entregará ao potencial partícipe os documentos cos datos fundamentais para o partícipe dos plans de pensións enumerados no punto 1.

A contratación do plan de pensións individual formalizarase mediante a subscripción do boletín ou documento de adhesión regulado no artigo 101, do cal se entregará copia ao partícipe.

Con motivo da adhesión farase entrega ao partícipe que o solicite dun certificado de pertenza ao plan e da achega inicial realizada, de ser o caso.

Así mesmo, indícaráselle a forma en que poderá acceder ao contido das especificacións do plan de pensións e á declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións, de acordo co previsto no punto 3.

En todo caso, facilitaráselles aos partícipes a información a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.»

«3. As especificacións do plan pensións individual, o documento de datos fundamentais para o partícipe, as normas de funcionamento do fondo, a declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións e o regulamento interno de conduta deberán estar actualizados e á disposición dos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios, de forma que poidan acceder a tales documentos de forma gratuíta por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou un sitio web ou, se así o solicita expresamente o interesado, facilitaráselle en papel.

Entenderase, para estes efectos, por soporte duradeiro todo instrumento que permita ao partícipe almacenar a información, de modo que poida recuperala facilmente durante un tempo adecuado para os fins a que a información estea destinada e que permita a reprodución sen cambios.»

«5. Producida e comunicada a continxencia, o beneficiario do plan de pensións individual deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversións, sobre as opcións de cobramento correspondentes, de ser o caso, e respecto do grao de garantía ou do risco á conta do beneficiario.

De ser o caso, faráselle entrega ao beneficiario do certificado de seguro ou garantía, emitido pola entidade correspondente. Este certificado deberá informar sobre a existencia, de ser o caso, do dereito de mobilización ou anticipo da

prestación e os gastos e penalizacións que en tales casos puideren resultar aplicables.

Con periodicidade ao menos anual, a xestora do fondo de pensións facilitará aos beneficiarios dos plans de pensións individuais unha certificación sobre o valor dos seus dereitos económicos no plan ao final de cada ano natural.»

«6. Con periodicidade semestral, as entidades xestoras deberán facilitar aos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como aspectos que os poidan afectar, especialmente modificacións normativas ou das normas de funcionamento do fondo de pensións.

Naqueles casos en que exista unha garantía financeira externa do artigo 77 deste regulamento, informarase da data de vencemento da garantía e do importe garantido na dita data e advertirase de que, en caso de mobilización ou cobramento antes do vencemento, non opera a garantía.

A información semestral conterá un estado-resumo da evolución e situación dos activos do fondo, dos custos e da rendibilidade obtida, e informará, de ser o caso, sobre a contratación da xestión con terceiras entidades.

A información que se subministrará en materia de rendibilidade referirase á obtida polo plan de pensións no último exercicio económico, á rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e á rendibilidade media anual dos tres, cinco, dez, quince e vinte últimos exercicios.

Así mesmo, deberase pór á disposición de partícipes e beneficiarios a totalidade dos gastos do fondo de pensións, na parte que sexan imputables ao plan, e os gastos propios do plan, expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.»

«7. Ademais das obrigacións establecidas nos puntos anteriores, as entidades xestoras deberán pór á disposición dos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións individuais, e publicar no seu sitio web ou no do seu grupo, un informe trimestral que conteña a información prevista no punto anterior e inclúa a rendibilidade acumulada no exercicio ata a data a que se refire a información e a correspondente ao trimestre de que se trate, así como unha relación detallada dos investimentos no momento do peche do trimestre, con indicación, para cada activo, do seu valor de realización e a porcentaxe que representa respecto do activo total. O informe trimestral incluirá tamén as informacións previstas no punto 3.b) do artigo 85 ter, de ser o caso, e no punto 4 do artigo 85 quáter.»

«8. Con carácter xeral, a información periódica prevista nos puntos 4 a 7 anteriores facilitaráselles aos partícipes e beneficiarios de forma gratuita por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro ou un sitio web. Cando o partícipe ou beneficiario o solicite expresamente, mediante escrito debidamente asinado ou por calquera outro medio de que quede constancia, a información entregaráse en papel.

De ser o caso, o partícipe ou beneficiario deberá indicar un enderezo electrónico para a subministración da información periódica desde o cal poderá, así mesmo, comunicar a súa renuncia á utilización da vía telemática a través do enderezo electrónico facilitado pola entidade xestora ou a través da súa web ou na do seu grupo, de conformidade coa Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.

A subministración, publicación ou posta á disposición da información periódica a que se refiren os dous puntos 6 e 7 anteriores realizarase no mes seguinte á finalización do período de referencia.

Así mesmo, a entidade xestora do fondo de pensións deberá pór á disposición dos partícipes e beneficiarios as contas anuais e o informe de xestión do fondo de pensións de forma gratuita por medios electrónicos, incluídos un soporte duradeiro

ou un sitio web, ou en papel no caso de telo solicitado expresamente conforme o previsto no primeiro parágrafo deste punto.

Todas as comunicacións telemáticas se rexerán polo disposto na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

«9. As especificacións dos plans de pensións do sistema individual poderán modificarse por acordo do promotor, logo de comunicación por parte deste ou da entidade xestora ou depositaria correspondente, con ao menos un mes de antelación á data de efectos, aos partícipes e beneficiarios.

As modificacións da política de investimento do fondo en que se integre o plan e das comisións de xestión e depósito aplicadas, o establecemento e a modificación das garantías reguladas no artigo 77, así como os acordos de substitución de xestora ou depositaria do fondo de pensións e os cambios das ditas entidades por fusión ou escisión, deberán comunicarse aos partícipes e beneficiarios con ao menos un mes de antelación á data de efectos.

As comunicacións previstas neste artigo realizaranse de forma gratuíta a través dos medios de subministración previstos no punto 8.»

«10. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, poderá regular o contido detallado e o formato da información prevista neste artigo para os partícipes potenciais, os partícipes e os beneficiarios, así como establecer modelos normalizados co obxecto de permitir a comparación entre plans de pensións.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, mediante circular, poderá definir o método de cálculo da rendibilidade, así como determinar o grao de desagregación das diferentes partidas de gastos correspondentes a cada plan na información a partícipes potenciais, partícipes e beneficiarios.»

Seis. Modifícase o punto 2 do artigo 54, que queda como segue:

«2. A incorporación do partícipe ao plan de pensións asociado e a información que se debe subministrar ou pór á disposición dos partícipes potenciais, dos partícipes e dos beneficiarios rexeráse polo establecido nos puntos 2 a 8 e 10 do artigo 48 para os plans de pensións individuais, salvo as mencións ao documento de datos fundamentais para o partícipe.»

Sete. O punto 8 do artigo 58 queda redactado como segue:

«8. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá ditar normas de desenvolvemento do procedemento de autorización e inscrición de fondos de pensións.

Nas remisións electrónicas previstas neste artigo observaranse os requisitos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Oito. O punto 8 do artigo 60 queda redactado como segue:

«8. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá ditar normas específicas sobre as obrigacións de comunicación e os procedementos de inscrición de modificacións dos fondos de pensións regulados neste artigo.

Nas remisións electrónicas de escrituras públicas e certificacións a que se refire este artigo observaranse os requisitos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Novo. No artigo 69 modifícanse os puntos 7 e 8 e engádesse un novo punto 9, que quedan redactados como segue:

«7. A comisión de control do fondo de pensións deberá exercer, en beneficio exclusivo dos partícipes e beneficiarios, todos os dereitos inherentes aos valores integrados no fondo.

Estes dereitos exerceraos a comisión de control do fondo, directamente ou a través da entidade xestora, que seguirá as indicacións da dita comisión ou o disposto nas normas de funcionamento do fondo. Se se contrata a xestión de activos do fondo cun xestor de activos, poderáselle encomendar a este o exercicio de dereitos inherentes aos valores, incluídos os políticos, nos termos previstos no contrato e tendo en conta o previsto nos estatutos das sociedades emisoras.

Os dereitos de participación e voto nas xuntas e asembleas xerais tamén se deberán exercer cando os valores integrados no fondo teñan relevancia cuantitativa e carácter estable, salvo que existan motivos que xustifiquen o non exercicio de tales dereitos e se informe diso no correspondente informe de xestión anual do fondo de pensións.

No informe de xestión anual do fondo de pensións deixarase constancia da política relativa ao exercicio dos dereitos políticos de participación e voto nas xuntas e asembleas xerais inherentes aos valores integrados no fondo de pensións.»

«8. Tratándose de fondos de pensións de emprego, sen prexuízo do previsto no punto anterior, as comisións de control dos fondos ou, de ser o caso, as entidades xestoras destes deberán desenvolver e pór en coñecemento do público unha política de implicación que describa como se implica o fondo de pensións como accionista na súa estratexia de investimento en accións de sociedades que estean admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea.

A referida política indicará como supervisan as sociedades en que invisten no referente, ao menos, á estratexia, ao rendemento financeiro e non financeiro, aos riscos, á estrutura do capital, ao impacto social e ambiental e ao goberno corporativo. Esta política tamén describirá como se relacionan coas sociedades nas cales invisten, exercen, de ser o caso, os dereitos de voto e outros dereitos asociados ás accións, cooperan con outros accionistas, se comunican con accionistas significativos e xestionan conflitos de interese reais e potenciais en relación coa súa implicación.

No caso de que a comisión de control do fondo exerza directamente os dereitos de voto nas xuntas xerais, o cumprimento das obrigacións establecidas neste punto será responsabilidade dela, sen prexuízo da posibilidade de que encomende tales obrigacións á entidade xestora, logo de acordo en que se detallarán os seus termos e condicións. Cando a política de implicación do fondo, incluído o exercicio do dereito ao voto, se desenvolva a través dun xestor de activos, corresponderá ao xestor de activos cumprir as obrigacións previstas neste punto de acordo cos termos previstos no contrato.

Con carácter anual, as comisións de control dos fondos de emprego ou, de ser o caso, as entidades xestoras destes publicarán información sobre como aplicaron a política de implicación a que se refiren os parágrafos anteriores, incluíndo unha descrición xeral do seu comportamento en relación cos seus dereitos de voto, unha explicación das votacións máis importantes nas cales participasen e, de ser o caso, a utilización dos servizos de asesores de voto.

Así mesmo, publicarán, con carácter anual, o sentido do seu voto nas xuntas xerais das sociedades en que o fondo de pensións posúe as referidas accións, en caso de que se exercese. Esta publicación poderá excluír as votacións que son inmateriais debido ao obxecto da votación ou ao tamaño da participación na sociedade.

A política de implicación e a información mencionada nos parágrafos anteriores estarán dispoñibles publicamente de forma gratuíta no sitio web da entidade xestora ou no do seu grupo, ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña. Cando a política de implicación do fondo, incluído o exercicio do dereito ao voto, se desenvolva a través dun xestor de activos, deberá indicarse o lugar en que o xestor publicou a información relativa ao exercicio do dereito ao voto.

As comisións de control dos fondos de pensións de emprego e, de ser o caso, as entidades xestoras destes e os xestores de activos que non se axusten aos requisitos establecidos nos parágrafos anteriores deberán publicar unha explicación clara e motivada sobre as razóns polas cales decidiron non cumprilos. Esta explicación estará dispoñible publicamente de forma gratuíta no sitio web da xestora ou no do seu grupo ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña.

As comisións de control dos fondos de pensións de emprego e, de ser o caso, as entidades xestoras de fondos de pensións de emprego e os xestores de activos adoptarán medidas razoables para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de interese que poidan xurdir no ámbito das actividades de implicación a que se refire este punto e, se estas non foren suficientes, deberán publicar información clara sobre a natureza xeral ou a orixe dos conflitos de intereses antes de actuar por conta do fondo de pensións e desenvolver políticas e procedementos adecuados.»

«9. Para efectos do disposto neste capítulo, consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as sociedades que se encontren nos supostos recollidos no artigo 42 do Código de comercio.»

Dez. Engádesse un novo artigo 69 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 69 bis. *Publicidade relativa á estratexia de investimento e aos acordos cos xestores de activos dos fondos de pensións de emprego.*

1. A comisión de control do fondo de pensións de emprego, coa participación da entidade xestora, elaborará por escrito unha declaración da estratexia de investimento a longo prazo que conterá información relativa a como os elementos principais da estratexia de investimento do fondo en accións de sociedades que estean admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro da Unión Europea son coherentes co perfil e a duración dos pasivos do fondo de pensións, en particular dos seus pasivos a longo prazo, e a maneira en que contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos seus activos. Informarase dos indicadores clave e métricas do desempeño considerados e dos resultados das súas avaliacións e medicións ambientais, sociais e de bo goberno en que fundamentan a súa política de implicación.

Esta información deberase pór en coñecemento do público.

A comisión de control informará, no informe de xestión anual sobre a política de implicación que desenvólvese, dos indicadores clave e das súas métricas do desempeño considerados, dos resultados das súas medicións dos aspectos ambientais, sociais e de goberno corporativo que consideren.

2. Cando os investimentos do fondo de pensións de emprego nas accións referidas no punto anterior sexan realizadas en nome do fondo a través dun xestor de activos, a entidade xestora do fondo e a comisión de control deberán publicar a seguinte información:

a) a maneira en que o acordo que se subscribiu co xestor de activos incentiva este a adaptar a súa estratexia e as súas decisións de investimento ao perfil e á duración dos pasivos do fondo de pensións e, en particular, aos pasivos a longo prazo;

b) como o acordo suscrito co xestor de activos incentiva este a adoptar as súas decisións de investimento baseándose en avaliacións do rendemento financeiro e non financeiro a medio e longo prazo das sociedades en que inviste e a implicarse nelas co obxecto de mellorar o seu rendemento a medio e longo prazo;

c) a forma en que o método e o horizonte temporal da avaliación do rendemento do xestor de activos e a súa remuneración por estes servizos son conformes co perfil e a duración dos pasivos do fondo de pensións, en particular, os pasivos a longo prazo, e teñen en conta o rendemento absoluto a longo prazo;

d) como se controlan os custos de rotación da carteira en que incorreu o xestor de activos e a forma en que se define e controla a rotación ou o intervalo de rotación dunha carteira específica;

e) a duración do acordo co xestor de activos.

Cando o acordo co xestor de activos non conteña un ou varios dos elementos anteriores, deberá xustificarse mediante unha explicación clara e motivada.

A información pública a que se refire este punto incluírá, de ser o caso, os elementos correspondentes á estratexia de investimento do fondo de pensións de emprego relativa ao investimento en accións ou participacións en institucións de investimento colectivo ou entidades de capital risco ou outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado que, pola súa vez, invistan nas accións a que se refire o punto anterior ou unha explicación clara e motivada de por que non se inclúe esta información.

3. A información prevista nos puntos anteriores deberá actualizarse anualmente, salvo que non se producise ningún cambio significativo. En caso de utilización de servizos de asesores de voto, publicaranse os criterios ambientais, sociais e de bo goberno aplicados na elaboración destas recomendacións e explicaranse especificamente aqueles casos en que non se seguisen as súas recomendacións.

4. A información regulada neste artigo estará dispoñible publicamente de forma gratuíta no sitio web da entidade xestora ou no do seu grupo, ou a través doutros medios que sexan facilmente accesibles en liña.»

Once. Modifícase a letra g) do punto 1 do artigo 78, que queda redactada como segue:

«g) As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, sexan titulares de ao menos un 10 por cento do capital social ou dos dereitos de voto nunha entidade xestora, deberán ser idóneas para que a xestión da entidade e dos fondos de pensións xestionados sexa sa e prudente.

A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá regular a forma de acreditación deste requisito.»

Doce. Introdúcese un novo artigo 78 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 78 bis. Aptitude e honorabilidade daqueles que exerzan a dirección efectiva ou desempeñen funcións clave que integran o sistema de goberno da entidade.

1. En relación coa aptitude, considerarase que posúen coñecementos e experiencia adecuados para exercer as súas funcións nas entidades aqueles que contén con formación do nivel e perfil apropiados, en particular na área de plans e fondos de pensións e servizos financeiros, e experiencia práctica derivada das súas anteriores ocupacións durante períodos de tempo suficientes. Teranse en conta para iso tanto os coñecementos adquiridos nun ámbito académico como a experiencia no desenvolvemento profesional de funcións similares ás que se van desenvolver noutras entidades ou empresas.

Na valoración da experiencia práctica e profesional deberá prestarse especial atención á natureza e complexidade dos postos desempeñados, ás competencias e

poderes de decisión e responsabilidades asumidas, así como ao número de persoas ao seu cargo, ao coñecemento técnico alcanzado sobre o sector financeiro e aos riscos que deben xestionar.

En todo caso, os criterios de coñecementos e experiencia aplicaranse valorando o tamaño, a natureza, a escala e a complexidade da actividade de cada entidade e as concretas funcións e responsabilidades do posto asignado á persoa avaliada.

Así mesmo, o Consello de Administración da entidade deberá contar con membros que, considerados no seu conxunto, posúan suficientes coñecementos e experiencia profesional, ao menos, nas seguintes áreas:

- a) Plans e fondos de pensións e mercados financeiros.
- b) Estratexias e modelos de negocio.
- c) Sistema de goberno.
- d) Análise financeira e actuarial.
- e) Marco regulatorio.

2. Concorre honorabilidade comercial e profesional en quen viñese mostrando unha conduta persoal, comercial e profesional que non xere dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión adecuada e prudente da entidade.

3. Para valorar a concorrencia de honorabilidade comercial e profesional deberá considerarse toda a información dispoñible, incluíndo:

a) A traxectoria do cargo en cuestión na súa relación coas autoridades de regulación e supervisión; as razóns polas que foi despedido ou cesado en postos ou cargos anteriores; o seu historial de solvencia persoal e de cumprimento das súas obrigacións; ou se estivo inhabilitado conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso e os quebrados e concursados non rehabilitados en procedementos anteriores á entrada en vigor da referida lei.

b) A condena pola comisión de delitos e a sanción pola comisión de infraccións administrativas tendo en conta:

1. O carácter doloso ou imprudente do delito ou infracción administrativa.
2. Se a condena ou sanción é ou non firme.
3. A gravidade da condena ou sanción impostas.
4. A tipificación dos feitos que motivaron a condena ou sanción, especialmente se se trata de delitos contra o patrimonio, branqueo de capitais, contra a orde socioeconómica e contra a Facenda pública e a Seguridade Social, ou supoñen infracción das normas reguladoras do exercicio da actividade de fondos de pensións, aseguradora, bancaria ou do mercado de valores, ou de protección dos consumidores.
5. Se os feitos que motivaron a condena ou sanción se realizaron en proveito propio ou en prexuízo dos intereses de terceiros cuxa administración ou xestión de negocios lle fose confiada e, de ser o caso, a relevancia dos feitos polos cales se produciu a condena ou sanción en relación coas funcións que teña asignadas ou vaian asignarse ao cargo en cuestión na entidade.
6. A prescrición dos delitos ou infraccións administrativas ou a posible extinción da responsabilidade penal.
7. A existencia de circunstancias atenuantes e a conduta posterior desde a comisión do delito ou infracción.
8. A reiteración de condenas ou sancións por delitos ou infraccións.

As entidades ou, cando corresponda respecto da función actuarial, as comisións de control dos plans cumprirán as obrigacións de subministración de información necesarias para a valoración prevista nesta letra, e remitirán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un certificado de antecedentes penais da persoa obxecto de valoración, sen prexuízo das competencias da dita Dirección Xeral de

Seguros e Fondos de Pensións para obter directamente da persoa cuxa honorabilidade sexa obxecto de valoración toda a información complementaria que resulte necesaria para a avaliación dos elementos a que se refire esta letra.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará as bases de datos da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, da Autoridade Bancaria Europea e da Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre sancións administrativas.

c) A existencia de investigacións relevantes e fundadas, tanto no ámbito penal como administrativo, sobre algún dos feitos mencionados na letra b) 4.º anterior. Non se considerará que hai falta de honorabilidade sobrevida pola mera circunstancia de que, estando no exercicio do seu cargo, un conselleiro, director xeral ou asimilado, ou outros empregados responsables das funcións de goberno da entidade, sexan obxecto de tales investigacións.

Se durante o exercicio da súa actividade concorre na persoa avaliada algunha das circunstancias descritas neste punto 3, e esta resulta relevante para a avaliación da súa honorabilidade, a entidade ou, cando corresponda respecto da función actuarial, a comisión de control do plan comunicarllo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo máximo de quince días hábiles desde o seu coñecemento.

Os administradores ou membros colexiados de administración, os directores xerais ou asimilados e outros empregados que sexan responsables das funcións clave de goberno da entidade, e que teñan coñecemento de que concorre na súa persoa algunha das circunstancias descritas neste punto 3, deberán informar diso a súa entidade de maneira inmediata.

O tratamento dos datos que as entidades leven a cabo no marco do disposto neste precepto deberá limitarse á exclusiva finalidade de subministración da información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións; queda expresamente limitado o número de persoas da entidade que, dentro da súa organización, poida ter acceso a eses datos.

O disposto neste artigo será igualmente aplicable ás persoas ou entidades ás cales se externalicen funcións clave.

A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá regular a forma de acreditación dos requisitos establecidos neste artigo.»

Trece. Suprímese o artigo 80 ter.

Catorce. Modifícanse a letra g) do punto 1 e o punto 3 do artigo 81, que quedan redactados como segue:

«g) O control da política de investimentos dos fondos de pensións xestionados nos termos descritos no artigo 81 ter.»

«3. De acordo co establecido no artigo 30 sexies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, a entidade xestora poderá externalizar calquera das súas actividades, incluídas as funcións clave e outras funcións que lle corresponden segundo a normativa vixente, na súa totalidade ou en parte, con excepción da función de vixilancia da entidade depositaria, sempre que a externalización se produza en prestadores de servizos que contén cos medios e coa capacidade suficiente para o exercicio de actividades encomendadas.

En ningún caso a responsabilidade da entidade xestora fronte aos partícipes e beneficiarios se verá afectada pola externalización de actividades.

Esta externalización deberá cumprir coas normas de conduta establecidas no artigo 85 bis.

A externalización non se poderá efectuar na entidade depositaria do fondo de pensións, coa excepción da función de auditoría interna da xestora, que si poderá externalizarse na depositaria.

Ademais, os terceiros en que se externalizase non poderán volver externalizar ningunha das actividades que lles fosen encomendadas, excepto naqueles supostos en que a entidade xestora o autorizase expresamente.

A entidade xestora deberá establecer os mecanismos e procedementos de control necesarios para exercer a función de control sobre as actividades externalizadas. A función de control establecida neste punto non poderá ser obxecto de externalización en terceiros.

A entidade xestora de fondos de pensións deberá comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e ás comisións de control correspondentes a externalización das súas actividades.

Cando a externalización se refira ás funcións clave, a comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións realizarase antes da formalización do acordo de externalización correspondente, de conformidade co establecido no referido artigo 30 sexies do texto refundido da lei. Con carácter previo a esta comunicación, a xestora deberá informar sobre a externalización proxectada as comisións de control dos fondos de pensións, de maneira que estas poidan manifestar nun prazo non inferior a quince días hábiles as observacións que consideren oportunas sobre o proxecto. A comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións incluírá as observacións formuladas, de ser o caso.

A comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións das actividades externalizadas, distintas das funcións clave, realizarase, ao menos con carácter anual, na información estatístico-contable que se estableza de conformidade co previsto no artigo 99.1.

Así mesmo, deberá comunicarse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e á comisión de control correspondente calquera cambio ulterior importante en relación coas actividades que se puidesen externalizar.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar ás entidades xestoras e aos prestadores de servizos en calquera momento información sobre as funcións clave e calquera outra actividade que se externalizase.»

Quince. Modifícase o artigo 81 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 81 bis. Control interno das entidades xestoras.

1. As entidades xestoras de fondos de pensións deberán establecer, documentar e manter en todo momento procedementos de control interno adecuados á súa organización e actividade respecto dos fondos de pensións xestionados e, en particular, respecto da política de investimentos dos ditos fondos. O consello de administración da entidade xestora será o responsable último de establecer, manter e mellorar tales procedementos de control interno. A dirección da entidade xestora será responsable da implementación dos procedementos de control interno, en liña coas directrices establecidas polo consello de administración, que se poderán encomendar a entidades que contén cos medios e capacidade suficientes para o exercicio destas funcións.

2. As entidades xestoras deberán dispor da información suficiente para que o consello de administración e a dirección da entidade poidan ter un coñecemento actualizado sobre a evolución da súa actividade e da dos fondos de pensións xestionados, o funcionamento dos seus departamentos e redes de distribución, e o comportamento das magnitudes económico-financeiras básicas, tanto do seu propio negocio como dos fondos de pensións xestionados e os plans de pensións integrados neles. Así mesmo, deberá establecerse un sistema eficaz de comunicacións que asegure que a información relevante chega a todos os responsables.

3. Os procedementos de control interno comprenderán, en todo caso, o establecemento dun sistema eficaz de control de riscos, que incluírá o control da política de investimentos dos fondos de pensións xestionados.

4. As entidades xestoras establecerán sistemas de xestión de riscos, adecuados á súa organización e ás características dos fondos de pensións xestionados, que lles permitan identificar e avaliar, con regularidade, os riscos internos e externos a que están expostos. Para iso, establecerán estratexias respecto deles, adecuadas á natureza e incidencia de tales riscos, e incorporarán procesos que permitan unha medición dos riscos identificados, incluíndo a súa probabilidade de ocorrencia e impacto no perfil de risco, tanto da entidade xestora como dos fondos de pensións xestionados. Así mesmo, as entidades xestoras deberán ter establecidos plans de continxencia que permitan anticipar situacións adversas que poidan pór en perigo a súa viabilidade como entidade e a dos fondos de pensións xestionados.

5. A función de auditoría interna será exercida por persoal con suficiente coñecemento e experiencia que garanta, no exercicio das súas funcións, plena independencia respecto ás distintas áreas da entidade xestora. Corresponderá ao seu consello de administración garantir os recursos precisos para o adecuado cumprimento das funcións que teñen encomendadas.

Anualmente a entidade xestora elaborará un informe sobre a efectividade dos seus procedementos de control interno, incidindo nas deficiencias significativas detectadas, nas súas implicacións e propondo, de ser o caso, as medidas que se consideren adecuadas para a súa emenda. O referido informe será aprobado polo consello de administración da entidade xestora e remitido á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións xunto coa documentación estatístico-contable anual nos prazos establecidos para o efecto.

6. Os requirimentos establecidos neste artigo, de aplicación a todas as entidades xestoras, poderán ser implementados por elas de acordo co principio de proporcionalidade, de maneira que, exixíndose os mesmos principios e elementos de control, a súa execución poida levarse a cabo atendendo á dimensión da entidade e ás características e nivel de riscos dos fondos de pensións xestionados. En ningún caso a aplicación deste punto poderá supor unha menor protección para o partícipe ou beneficiario dos plans de pensións integrados nos fondos de pensións xestionados.

7. Os procedementos de control interno estenderanse, naquelas entidades que externalicen calquera das súas funcións ou actuacións, ás actividades externalizadas. En ningún suposto a externalización de funcións implicará que a entidade xestora transfira ou deixe de asumir as responsabilidades derivadas de tales funcións.

8. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá establecer normas específicas de desenvolvemento do previsto neste artigo.»

Dezaseis. Introdúcese un novo artigo 81 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 81 ter. Control da política de investimentos dos fondos de pensións xestionados.

1. De conformidade cos principios da política de investimento do fondo de pensións e, de ser o caso, por exercicio das funcións delegadas á entidade xestora contidas no artigo 81.2, o consello de administración da entidade xestora será responsable de fixar e aprobar os principios da política de investimento estratéxica do fondo de pensións, considerando a relación entre os activos e as obrigacións dos plans integrados, a tolerancia global ao risco do fondo de pensións e a liquidez das posicións en diferentes escenarios. En particular, deberán asegurarse a identificación, o seguimento, a medición, a información e o control dos riscos relacionados coas actividades, procedementos e políticas de investimento adoptadas nos fondos de pensións. En todo caso, evitarase a dependencia exclusiva e automática das cualificacións crediticias nas políticas de investimento dos fondos

de pensións xestionados. A dirección da entidade xestora será responsable da implementación de tales políticas e medidas.

2. A utilización de instrumentos derivados e activos financeiros estruturados por parte dos fondos de pensións xestionados estará sometida ao cumprimento dos requisitos que para tal efecto dispoña a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e, en todo caso, das seguintes condicións:

a) As entidades xestoras disporán de normas claras e escritas aprobadas polo consello de administración sobre a utilización de instrumentos derivados e activos financeiros estruturados, entre as cales figuren a repartición de funcións e a súa delegación, así como unha descrición das responsabilidades dentro da entidade xestora. A este respecto, as funcións de autorización, de execución de ordes, de control da súa utilización e de manexo da información deberán ser desempeñadas por persoas distintas.

b) Os controis sobre a utilización de instrumentos derivados e activos financeiros estruturados, que deberán estar debidamente documentados, realizaranse con regularidade, e periodicamente informarase unha persoa que ocupe un posto de responsabilidade que non teña ao seu cargo os que executan as ordes e, en todo caso, a dirección da entidade.

Os procedementos de control establecidos deben permitir verificar o estado de situación con relación aos riscos inherentes ao uso dos instrumentos derivados e activos financeiros estruturados, e deberase comprobar, mediante controis externos ou internos, que os procedementos implementados son apropiados e se axustan aos obxectivos perseguidos, así como que o seu funcionamento na práctica é o adecuado.

c) As entidades xestoras deben dispor de directrices claras e escritas sobre as categorías de instrumentos derivados e activos financeiros estruturados que se poden utilizar, as posicións máximas permitidas, as contrapartes autorizadas e, no caso dos instrumentos derivados, sobre se estes se adquiriron con finalidade de cobertura ou de investimento. No caso de que se realicen operacións fóra de mercados regulados, a entidade debe asegurarse de que os intermediarios financeiros garanten a liquidez das posicións e ofrecen a posibilidade de proporcionar cotizacións de compra e venda, en calquera momento, por petición do fondo de pensións.

d) As entidades xestoras deberán contar con modelos internos para estimar o valor en risco ou, de ser o caso, cun método estándar de cálculo de máxima perda potencial na utilización de instrumentos derivados adquiridos con finalidade de investimento a que se refire o artigo 71 ter.»

Dezasete. Introdúcese un novo artigo 81 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 81 quáter. Avaliación interna de riscos dos fondos de pensións de emprego.

A avaliación interna dos riscos do fondo de pensións de emprego prevista no artigo 30 quinquies do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións incluirá, ao menos, o seguinte contido:

a) Unha descrición de como se integra a propia avaliación de riscos no proceso de xestión e nos procesos de toma de decisións do fondo.

b) Unha avaliación da eficacia do sistema de xestión de riscos.

c) Unha descrición de como o fondo de pensións de emprego evita conflitos de interese coa empresa promotora, cando se externalicen funcións clave cara á empresa promotora.

d) Unha avaliación cualitativa dos riscos operacionais.

e) O control da política de investimento dos fondos de pensións xestionados.

f) Descrición dos métodos para detectar e avaliar os riscos a que estea ou poida estar exposto a curto e a longo prazo o fondo de pensións e que poidan influír na capacidade do fondo para cumprir as súas obrigacións.

A entidade xestora deberá efectuar e documentar a avaliación interna de riscos coa participación, de ser o caso, da comisión de control do fondo, salvo que esta delegue estas obrigacións na entidade xestora.

Cando a función actuarial non fose encomendada á entidade xestora, o responsable de tal función deberá proporcionar á dirección efectiva da entidade xestora a información necesaria para realizar a avaliación interna.»

Dezaioito. Modifícase a letra b) do punto 3 do artigo 85 ter, que queda como segue:

«b) A entidade xestora deberá informar na información trimestral que facilite a partícipes e beneficiarios, calquera que sexa a modalidade de plan de pensións a que pertencen, sobre os procedementos adoptados para evitar os conflitos de interese e sobre as operacións vinculadas realizadas na forma e co detalle que a Lei do mercado de valores e a súa normativa de desenvolvemento determinen.»

Dezanove. Modifícase o punto 4 do artigo 85 quáter, que queda redactado como segue:

«4. A entidade xestora deberá manifestar na información trimestral que facilite a partícipes e beneficiarios, calquera que sexa a modalidade de plan de pensións a que pertencen, o tipo exacto de relación que a vincula ao depositario, tomando como referencia, de ser o caso, a enumeración de circunstancias contidas no artigo 42 do Código de comercio.»

Vinte. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 87, que quedan redactados como segue:

«1. As entidades de investimento coas cales se poderá contratar a xestión de activos financeiros deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Seren persoas xurídicas con domicilio social no territorio do Espazo Económico Europeo.

b) Seren entidades de crédito, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, empresas de servizos de investimento, entidades aseguradoras que operen no ramo de vida, legalmente autorizadas para operaren en España polas autoridades de supervisión do Estado membro correspondente, para o desenvolvemento e exercicio da actividade que se propoñen contratar, conforme as seguintes directivas:

1.º Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM).

2.º Directiva 2009/138/CE, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II).

3.º Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

4.º Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

5.º Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

c) Tamén se poderá contratar a xestión de activos con outras entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas de conformidade con esta normativa e outras entidades xestoras de fondos de pensións recollidas no punto 1 do artigo 2 da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa ás actividades e supervisión dos fondos de pensións de emprego.

d) Así mesmo, poderá contratarse a xestión de activos con entidades de terceiros países a través dos seus establecementos permanentes en España, autorizados conforme a lexislación española nos termos da letra b) anterior.

2. As entidades de depósito coas cales se poderá contratar o depósito e custodia de activos financeiros obxecto do contrato de xestión deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Seren persoas xurídicas con domicilio social no territorio do Espazo Económico Europeo.

b) Estaren legalmente autorizadas como entidades de crédito ou empresas de investimento polas autoridades do Estado membro correspondente para a custodia e depósito de valores e efectivo, conforme a Directiva 2014/65/UE e Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

Tamén se poderá contratar o depósito con entidades de terceiros países a través dos seus establecementos permanentes en España autorizados conforme a lexislación española como entidades de crédito ou empresas de investimento para a prestación dos servizos obxecto do contrato.»

Vinte e un. Modifícase a letra d) do artigo 89, que queda redactada como segue:

«d) O contrato deberá establecer e garantir que a propiedade, o pleno dominio e a libre disposición dos activos obxecto do contrato pertencen en todo momento ao fondo de pensións. O exercicio dos dereitos inherentes aos títulos corresponderá á comisión de control do fondo ou, por delegación, á entidade xestora deste, ou ben poderá encomendarse á entidade de investimento nos termos previstos no contrato. As partes non poderán establecer cargas ou gravames sobre os activos.»

Vinte e dous. Engádese un novo punto 4 ao artigo 90, coa seguinte redacción:

«4. No caso de fondos de pensións de emprego en que se contratase a xestión para o investimento en accións a que se refire o punto 1 do artigo 69 bis, con xestores de activos definidos no artigo 2.f) da Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de xullo de 2007, o contrato de xestión deberá prever a obrigaición do xestor de proporcionar ao fondo de pensións a información periódica requirida na normativa aplicable ao xestor relativa á adecuación do contrato de xestión á estratexia de investimento, a súa contribución ao rendemento a medio e longo prazo dos activos do fondo e, de ser o caso, sobre as actividades de implicación a que se refire o artigo 69.8.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 101, que queda redactado como segue:

«1. A contratación dun plan de pensións formalizarase mediante un documento ou boletín de adhesión suscrito polo partícipe conxuntamente co promotor do plan, a xestora e depositaria, de conformidade co previsto neste artigo.

O anterior entenderase sen prexuízo de que a comercialización a realice directamente a entidade xestora, ou as persoas ou entidades a que se refire o artigo 26 bis do texto refundido da lei que subscribisen un acordo de comercialización con aquela.

Non serán por conta do partícipe subscritor do plan de pensións os gastos inherentes á contratación do plan nin as remuneracións ou comisións establecidas polos servizos de comercialización ou mediación naquela.

En ningún caso poderán emitirse boletíns ou documentos de adhesión a un plan de pensións que incorporen a contratación de operacións, produtos ou servizos distintos daquel.

En todo caso se facilitará aos partícipes a información a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. O boletín de adhesión para os plans de pensións de emprego conterá información, ao menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) A denominación, sistema e modalidade do plan de pensións.
- b) A denominación do fondo e número identificativo no rexistro especial.
- c) A denominación e domicilio social do promotor do plan, así como da xestora e depositaria do fondo correspondente co seu número identificativo nos rexistros especiais correspondentes.
- d) A lexislación aplicable ao contrato, con especial referencia á normativa fiscal. Incluirase tamén a información a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Réxime de achegas e continxencias cubertas, sinalando, naquelas en que así proceda, que se determinarán conforme o réxime da Seguridade Social aplicable ao partícipe.
- f) O boletín deberá conter espazos para a designación de beneficiarios en caso de falecemento do partícipe advertindo de que os designados deben ser en todo caso persoas físicas.
- g) Instancias de reclamación utilizables en caso de litixio.
- h) Destacarase de modo especial as seguintes indicacións:

1.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez ou disposición anticipada.

2.º Indicarase os medios electrónicos a través dos cales o partícipe poderá acceder en calquera momento ao contido do documento de información xeral, das especificacións do plan de pensións e das normas de funcionamento do fondo, á declaración da política de investimento, á información periódica e outros documentos que deban estar á disposición dos partícipes e beneficiarios. De ser o caso, o boletín de adhesión deberá conter un espazo específico para a designación da conta de correo electrónico a que se lle remitirá a información.

3.º Indicación do dereito do partícipe a solicitar a subministración en papel da información e documentos correspondentes ao plan e ao fondo de pensións, así como a revogar en calquera momento a elección realizada sobre a forma de subministración e a elixir outra distinta dentro das dispoñibles.

4.º No caso dos plans de pensións de achega definida, destacarase expresamente que non garanten rendibilidade e advertirase da posibilidade de incorrer en perdas.

Non obstante, nos plans de pensións do sistema de emprego, a emisión de boletíns de adhesión individuais será opcional, segundo o acordado pola empresa coa representación dos traballadores. Poderase realizar a incorporación do traballador ao plan mediante boletíns colectivos ou directamente por parte da comisión promotora ou de control segundo o previsto no artigo 28, e sempre que o potencial partícipe non solicítase por escrito a súa exclusión.

En todo caso, facilitaráselle a cada partícipe incorporado que o solicite un certificado de pertenza ao plan segundo o sinalado no artigo 34.

3. O boletín de adhesión dos plans de pensións individuais conterá información, ao menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) A denominación, sistema e modalidade do plan de pensións.
- b) A denominación do fondo e número identificativo no rexistro especial.
- c) A denominación e o domicilio social do promotor do plan, así como da xestora e depositaria do fondo correspondente, co seu número identificativo nos rexistros especiais correspondentes. Se intervéñ un comercializador, a identidade deste.
- d) A lexislación aplicable ao contrato, con especial referencia á normativa fiscal. Incluirase tamén a información a que se refire o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) O boletín deberá conter espazos para a designación de beneficiarios en caso de falecemento do partícipe advertindo de que os designados deben ser en todo caso persoas físicas.
- f) Instancias de reclamación utilizables en caso de litixio, indicando a denominación e o domicilio do defensor do partícipe.
- g) Destacaranse de modo especial as seguintes indicacións:

1.º Indicarase a circunstancia de que o partícipe recibiu o documento cos datos fundamentais para o partícipe, o cal se incorporará como anexo a este boletín.

2.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez ou de disposición anticipada.

3.º Destacarase expresamente que os plans de pensións individuais non garanten rendibilidade e advertirse da posibilidade de incorrer en perdas. Non obstante, cando o plan de pensións conte cunha garantía financeira externa das previstas no artigo 77 outorgada ao plan de pensións directamente, o boletín de adhesión incluírá referencia a ela sen prexuízo da información sobre a dita garantía no documento cos datos fundamentais para o partícipe, de conformidade co disposto no artigo 48. Cando se trate dunha garantía outorgada aos partícipes directamente, o boletín de adhesión poderá facer referencia a esta, indicándose que o detalle e as condicións daquela figuran en contrato individual á parte.

4.º Indicaranse os medios electrónicos a través dos cales o partícipe poderá acceder en calquera momento ao contido do documento cos datos fundamentais para o partícipe e das especificacións do plan de pensións, ás normas de funcionamento do fondo, á declaración de principios da política de investimento, á información periódica prevista por este regulamento, así como ao regulamento de funcionamento do defensor do partícipe, e outros documentos que deban estar á disposición dos partícipes e beneficiarios. De ser o caso, o boletín de adhesión deberá conter un espazo específico para a designación da conta de correo electrónico a que se lle remitirá a información.

5.º Indicación do dereito do partícipe a solicitar a subministración en papel da información e documentos correspondentes ao plan e ao fondo de pensións, así como a revogar en calquera momento a elección realizada sobre a forma de subministración e a elixir outra distinta dentro das dispoñibles.

4. O boletín de adhesión para os plans de pensións asociados conterá información, ao menos, sobre os seguintes aspectos:

- a) A información das letras a), b), c), d) e e) do punto 3 anterior correspondente aos plans de pensións individuais.
- b) Especial referencia á normativa fiscal.
- c) Réxime de achegas e continxencias cubertas, sinalando, nas que así proceda, que se determinarán conforme o réxime da Seguridade Social aplicable ao partícipe.

Sinalarase o destino das achegas e prestacións, conforme este regulamento, das persoas sen posibilidade de acceso á xubilación que non figuren de alta nin coticen en ningún réxime da Seguridade Social.

Indicarase, de ser o caso, a posibilidade de continuar realizando achegas tras o acaecemento das continxencias de xubilación, incapacidade e dependencia, e poderase solicitar o cobramento da prestación con posterioridade.

Indicaranse tamén os límites das achegas, con advertencia das sancións administrativas previstas no texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións por incumprimento dos citados límites.

d) Réxime de prestacións, posibles beneficiarios, formas de cobramento e grao de aseguramento ou garantía das prestacións, con identificación, de ser o caso, da denominación e domicilio social da entidade aseguradora ou garante.

Indicarase o procedemento para a solicitude das prestacións por parte do beneficiario, con especial referencia á data de valoración dos dereitos consolidados para efectos do pagamento de prestacións, así como, en caso de cobramentos parciais, o criterio para seleccionar as achegas de que derivan os dereitos consolidados ou económicos obxecto de cobramento, sen prexuízo do disposto no artigo 10 bis deste regulamento.

e) Supostos excepcionais de liquidez ou disposición anticipada, de ser o caso.

f) Indicacións sobre o cálculo do dereito consolidado, condicións, procedementos e prazos para a mobilización de dereitos consolidados ou económicos, con indicación da data de valoración dos dereitos para estes efectos, así como, en caso de mobilizacións parciais, o criterio para seleccionar as achegas de que derivan os dereitos consolidados ou económicos obxecto de traspaso, sen prexuízo do disposto no artigo 10 bis.

g) Comisións de xestión e depósito aplicables.

h) Instancias de reclamación utilizables en caso de litixio.

i) Indicación do tipo de relación que vincula a entidade xestora co depositario, de ser o caso, tomando como referencia as circunstancias contidas no artigo 42 do Código de comercio.

j) Referencia aos procedementos adoptados para evitar os conflitos de interese e sobre as operacións vinculadas realizadas, de ser o caso.

k) Destacaranse de modo especial as seguintes indicacións:

1.º Reflectirase claramente o carácter non reembolsable do dereito consolidado ata a produción dalgunha das continxencias cubertas ou, de ser o caso, nos supostos excepcionais de liquidez ou de disposición anticipada.

2.º Indicaranse os medios electrónicos a través dos cales o partícipe poderá acceder en calquera momento ao contido das especificacións do plan de pensións e ás normas de funcionamento do fondo, á declaración de principios da política de investimento, á información periódica prevista por este regulamento e outros documentos que deberán estar á disposición dos partícipes e beneficiarios. De ser o caso, o boletín de adhesión deberá conter un espazo específico para a designación da conta de correo electrónico a que se lle remitirá a información.

3.º Indicación do dereito do partícipe a solicitar a subministración en papel da información e documentos correspondentes ao plan e ao fondo de pensións, así como a revogar en calquera momento a elección realizada sobre a forma de subministración e a elixir outra distinta dentro das dispoñibles.

4.º No caso dos plans de pensións asociados de achega definida, destacarase expresamente que non garanten rendibilidade e advertirase da posibilidade de incorrer en perdas. Cando o plan de pensións asociado conte cunha garantía financeira externa das previstas no artigo 77 outorgada ao plan de pensións directamente, o boletín de adhesión incluírá referencia a ela con indicación dos aspectos mencionados no parágrafo terceiro do dito artigo 77 e sinalando que a garantía é exixible á entidade garante, que se obriga a satisfacela directamente ao plan de pensións en que se integrará como maior valor dos dereitos consolidados

dos partícipes. Cando se trate dunha garantía outorgada aos partícipes directamente, o boletín de adhesión poderá incluír referencia a ela e indicarse que o detalle e as condicións daquela figuran en contrato individual á parte.

5. A contratación de plans de pensións poderá realizarse por vía electrónica, de conformidade coa Lei 56/2007, do 28 de decembro.

A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá establecer especialidades e limitacións con respecto ás normas que, con carácter xeral, regulan a contratación por vía electrónica, atendendo ás particularidades que poidan resultar da contratación dos plans de pensións e dos seus partícipes.

6. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá ditar normas en desenvolvemento do previsto neste artigo na medida que o xulgue necesario para fomentar os procedementos e formalidades de contratación máis adecuados en interese dos usuarios.»

Vinte e catro. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución das solicitudes de autorización e inscrición administrativa.*

As solicitudes de autorizacións administrativas e de inscrición previstas neste regulamento, salvo disposición específica ao respecto, deberán ser resoltas e notificadas dentro dos tres meses seguintes á data da súa presentación. Transcorrido este prazo sen se ter notificado a resolución, os interesados poderán entender estimada a solicitude.»

Vinte e cinco. Modifícase o punto 3 da disposición adicional terceira, que queda redactado como segue:

«3. Para efectos do disposto na letra b) do artigo 29, constitúen servizos actuariais para o desenvolvemento ordinario do plan de pensións, entre outros: a elaboración da base técnica do plan de pensións; a determinación de achegas, prestacións ou capitais para asegurar; o cálculo de provisións matemáticas e marxe de solvencia para certificar dereitos consolidados de partícipes e dereitos económicos de beneficiarios; a determinación do déficit ou superávit e a súa incidencia en canto a achegas, prestacións e dereitos consolidados; a valoración dos dereitos por servizos pasados e, de ser o caso, das obrigacións ante xubilados e beneficiarios derivados dos plans de reequilibrio; inclúese, así mesmo, o exercicio da función clave actuarial prevista no punto 1 do artigo 30 quáter do texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións.»

Vinte e seis. Introdúcese unha nova disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Tratamento de datos de carácter persoal.*

Os tratamentos de datos de carácter persoal das persoas físicas realizaranse con estrita suxeición ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e no resto da normativa sobre protección de datos persoais.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

Modifícase o punto 4 do artigo 57 do Real decreto 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, que queda como segue:

«4. Para cada país pertinente, o axuste por volatilidade para os tipos de xuro sen risco recollido no punto 3 para a moeda do dito país incrementarase, antes da aplicación do factor do 65 %, polo resultado de restar o diferencial para o país corrixido segundo o risco menos o dobre do diferencial para a moeda corrixido segundo o risco, sempre que ese resultado sexa positivo e o diferencial para o país corrixido segundo o risco supere os 85 puntos básicos. O axuste por volatilidade aumentado aplicarase ao cálculo da mellor estimación das obrigacións de seguro e de reaseguro dos produtos vendidos no mercado de seguros do dito país. O diferencial para o país corrixido segundo o risco calcúlase da mesma maneira que o diferencial para a moeda corrixido segundo o risco para o dito país, pero baseándose nunha carteira de referencia representativa dos activos nos cales investiron as empresas de seguros e de reaseguros para cubrir a mellor estimación das obrigacións de seguro e de reaseguro de produtos vendidos no mercado asegurador do dito país e denominados na súa moeda.»

Disposición transitoria. *Adaptación ao establecido neste real decreto.*

1. Nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto as entidades xestoras de fondos de pensións e, de ser o caso, os promotores e as comisións de control dos plans de pensións de emprego deberán establecer os medios electrónicos de acceso dos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios á información prevista nos artigos 34 e 48 do Regulamento de plans e fondos de pensións aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, na súa redacción dada por este *real decreto*.

Dentro deste prazo os partícipes e beneficiarios serán informados adecuadamente do seu dereito a elixir a forma de subministración da información.

2. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse ao previsto no artigo 101 do Regulamento de plans e fondos de pensións, na súa redacción dada por este real decreto, os boletíns de adhesión para as novas incorporacións aos plans de pensións existentes na data de entrada en vigor.

No caso dos plans de pensións de emprego existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto, neste prazo deberase elaborar e pór á disposición dos partícipes, potenciais partícipes e beneficiarios o documento de información xeral sobre o plan de pensións de emprego regulado no artigo 34.1 do citado regulamento na súa redacción dada por este real decreto.

3. O prazo para elaborar e facilitar aos partícipes e beneficiarios dos plans de pensións de emprego a primeira declaración das prestacións de pensión, regulada no artigo 34.2 do Regulamento de plans e fondos de pensións na redacción dada por este real decreto, establecerao a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións mediante a circular prevista no dito artigo.

4. A primeira avaliación interna de riscos de cada fondo de pensións de emprego, regulada no artigo 81 quáter do Regulamento de plans e fondos de pensións introducido por este real decreto, deberá ser elaborada e aprobada polo órgano de administración da entidade xestora no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

5. As entidades xestoras de fondos de pensións que no momento da entrada en vigor deste real decreto teñan externalizadas actividades, distintas das funcións clave, deberán comunicalas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na información estatístico-contable anual correspondente ao exercicio 2019.

6. Establécese un prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para adaptar o establecido nos artigos 69.8 e 69 bis e no punto 4 do artigo 90 do Regulamento de plans e fondos de pensións á redacción dada por este real decreto.

A primeira publicación da información anual prevista no artigo 69.8 do Regulamento de plans e fondos de pensións será a referida ao exercicio 2020.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto complétase a transposición ao dereito español da Directiva (UE) 2016/2341 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa ás actividades e á supervisión dos fondos de pensións de emprego, e efectúase a transposición parcial ao dereito español da Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas, no que afecta a regulación dos fondos de pensións de emprego.

Así mesmo, mediante este real decreto efectúase a transposición do artigo 2, punto 1, da Directiva (UE) 2019/2177 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2019, pola que se modifican a Directiva 2009/138/CE sobre o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II), a Directiva 2014/65/UE, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e a Directiva (UE) 2015/849, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de agosto de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos
e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA